

ACORDOS
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DO DIA 23 DE XUÑO DE 2016

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12.00 horas, do día vinte e tres de xuño de dous mil dezaseis, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D. José Manuel Cancela Cancela

Secretaria:

D^a. Ana Beatriz Oveja Villafañe

ORDE DO DIA

1. APROBACION DAS ACTAS DA SESION ANTERIOR, SE PROCEDE.-
2. ESCRITOS OFICIAIS.-
3. CONVENIO DE COLABORACION SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERIA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL DE TORDOIA PARA A PARTICIPACION NA PREVENCION E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE OS ANOS 2016-2018.-
4. XDO. CONTENCIOS/ADMTVO. N.4;PROCEDEMENTO ABREVIADO 118/2016.-
5. PROGRAMA DE INTEGRACION LABORAL MEDIANTE A EXECUCION DE OBRAS E SERVIZOS MINIMOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES, ANUALIDADE 2016.-
6. APROBACION DO PRESUPOSTO DE VIRAXES PARA TOMA DE MOSTRA MENSUAL DA PISCINA.-
7. COLABORACION ENTRE A XUNTA DE GALICIA E AS CORPORACIONS LOCAIS PARA A REALIZACION DE OBRAS CON CARGO AO FINANCIAMENTO EXTRAORDINARIO PAA O PLAN HURBE DE ANO 2016.-

1. APROBACION DAS ACTAS DA SESION ANTERIOR, SE PROCEDE.-

É aprobada a acta da sesión anterior 12/2016 que tivo lugar o 09.06.2016.

2. ESCRITOS OFICIAIS.-

- Recíbese escrito da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, número rexistro entrada 865, en relación a recordatoria do procedemento para a xestión de biomasa nas redes secundarias de faixas de xestión de biomasa e as faixas laterais das redes viarias da súa titularidade nos termos da Lei 3 / 2007.
A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

3. CONVENIO DE COLABORACION SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERIA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL DE TORDOIA PARA A PARTICIPACION NA PREVENCION E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE OS ANOS 2016-2018.-

Acordos adoptados:

Aprobación de dito convenio e dar conta no próximo pleno.

4. XDO. CONTENCIOS/ADMTVO. N.4; PROCEDIMENTO ABREVIADO 118/2016.-

Acordos adoptados:

Enviar expediente completo e foliado no prazo de 9 días do caso.

5. PROGRAMA DE INTEGRACION LABORAL MEDIANTE A EXECUCION DE OBRAS E SERVIZOS MINIMOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES, ANUALIDADE 2016.-

Acordos adoptados:

1. Iniciar expediente para a contratación de persoal.
2. Nomear como xestor do proxecto ao técnico de emprego Carlos Luis Sieira Romero.
3. Nomear como representante legal do Concello ante a administración ao señor alcalde don Antonio Pereiro Liñares.

6. APROBACION DO PRESUPOSTO DE VIRAXES PARA TOMA DE MOSTRA MENSUAL DA PISCINA.-

Acordos adoptados:

Aprobación do presuposto emitido pola empresa VIRAXES.

7. COLABORACION ENTRE A XUNTA DE GALICIA E AS CORPORACIONS LOCAIS PARA A REALIZACION DE OBRAS CON CARGO AO FINANCIAMENTO EXTRAORDINARIO PAA O PLAN HURBE DE ANO 2016.-

Acordos adoptados:

1. Solicitar unha axuda a Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, para o acondicionamento das fachadas da Casa da Cultura e instalacións de telecomunicación na Casa do Concello .

2. Nomear como representante legal do Concello ante a administración ao señor alcalde don Antonio Pereiro Liñares, e como xestor do proxecto ao técnico de emprego don Carlos Luis Sieira Romero.

Non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión.